

XIV Xornada dos Clubs de Lectura



10·XUÑO·2022

Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia
Santiago de Compostela



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Antía Yáñez Rodríguez

Premio dos Clubs de Lectura 2022

Antía Yáñez (Burela, 1991) é enxeñeira de Camiños. Reside en Cecebre, onde xestiona unha academia e organiza obradoiros literarios para rapaces e rapazas. Como narradora, comezou escribindo relato curto, ámbito no que gañou premios como o Certame de Microrrelatos Lonxa Literaria (2013), Os Viadutos (2014 e 2017), o Xaime Illa Couto ou o Certame Literario de Cambre (2016). Para o público infantil e xuvenil publicou as obras "O misterio de Portomarín" (Xerais, 2016), que ten a súa continuación en "O misterio do torque de Burela" (Xerais, 2019); a novela distópica "Be Water" (Cuarto de inverno, 2019) e "Plan de rescate" (Xerais, 2020), III Premio Agustín Fernández Paz pola Igualdade. En narrativa para adultos publicou a novela "Senlleiras" (Galaxia, 2018), que recibiu o Premio Illa Nova de Narrativa e participou no libro de relatos "Entre Donas" (Baía Edicións, 2020). A súa última novela publicada é "Non penses nun elefante rosa" (Xerais, 2022).



Care Santos



Vivir lendo

Care Santos é escritora. Ten publicadas catorce novelas, seis libros de relatos, dous poemarios, máis dunha trintena de obras para xoves lectores e outras tantas para nenos. En 2020 recibiu o Premio Cervantes Chico polo conxunto da súa traxectoria. Con Media vida recibiu no ano 2017 o Premio Nadal de novela. A súa obra foi traducida a vintetrés idiomas.

Blanca Mata Fauri

Clubs de lectura fácil: fomento lector e aprendizaxe inclusivo

Blanca Mata (Barakaldo, País Vasco) exerce como responsable de Lectura Fácil Euskadi-Irakurketa Erraza dende a súa creación en 2012. É Licenciada en Ciencias da Comunicación pola UPV-EHU e ten o Máster de Periodismo El Correo. Imparte formación en lectura fácil, accesibilidade informativa e dinamización lectora. Adapta e supervisa as adaptacións a Lectura Fácil de diversas editoriais, administracións públicas, empresas e entidades sociais. Dinamiza clubs de lectura fácil en bibliotecas públicas e outras entidades sociais.



A banda deseñada nos clubs de lectura: pautas para a súa selección e lectura, con Sira González Rodríguez e Xosé Antón Vilaverde Santamariña

Sira González Rodríguez



Sira González é Licenciada en Documentación co máster en Bibliotecas Escolares. Leva desempeñando a súa labor bibliotecaria na Biblioteca Municipal Os Rosales da Coruña dende o ano 2009. É coordinadora de clubs de lectura e responsable da comicteca. Nos últimos anos imparte formacións tanto a personal docente como a compañeiras bibliotecarias da Rede de Bibliotecas de Galicia sobre a

formación da colección de cómic non seus centros e a súa promoción entre o público lector. O seu obxectivo é dobre: romper prexuízos con respecto ao medio e achegar a súa lectura a todos os tramos de idade cos que traballa: de 0 a 100 anos.

Xosé Antón Vilaverde Santamariña

Toño Vilaverde estudou o primeiro ciclo en Psicoloxía, na USC. É membro da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Psicoloxía, membro da Plataforma por unha Universidade Normalizada e membro da Comisión Cultural da Facultade de Psicoloxía. Traballa como dependente de tenda en Alita Cómic (librería especializada en cómic, wargames e merchandising), en A Coruña, dende o ano 2011 ata a actualidade. É tamén editor e colaborador da revista cultural A Regueifa.

Tamara Andrés Padín

O laboratorio da palabra: xogos, reflexións e experiencias arredor da poesía



Tamara Andrés (Combarro, 1992) é escritora, tradutora literaria e investigadora. Publicou os poemarios "Corpo de Antiochia", "irmá paxaro" e "bosque vermello". Con Marcos Viso creou o selo literario Cartas ás 12, que deu como froito os álbums poéticos "Distancias" e "Tan preto". Ten traducido obras para Bivir, Kalandraka ou Flamboyant. Conduce obradoiros literarios e mantén a sección de literatura do Diario Cultural Zeta.

Freddy Gonçalves Da Silva

Xuntos no caos: clubs de lectura, confianza, selección e diálogo

Freddy Gonçalves Da Silva é mediador cultural, investigador, guionista, escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil. Creador da revista PezLinterna. Autor de tres libros para nenos "María Diluvio", "Arañas de casa" e "Alternativas para el fin del mundo"; de artigos para revistas especializadas e de relatos en diversas antoloxías. Actualmente é profesor no "Máster propio en Lectura, libros y lectores infantiles y juveniles" da Universidade de



Zaragoza e de diversos cursos de formación a profesorado e bibliotecarios en España e América latina. Publicou o libro "La nostalgia del vacío, la lectura como espacio de pertenencia en los adolescentes" onde reflexiona sobre a súa labor cos clubs de lectura xuvenís nas bibliotecas municipais; traducido recentemente en Brasil, polo que foi invitado a dar conferencias e obradoiros en distintas cidades de España e latinoamérica. En 2021, xunto a Anna Juan Cantavella e Lucas Ramada Prieto, recibiu unha beca de investigación para a análise do ecosistema cultural no barrio da Barceloneta en Barcelona. En paralelo, leva a cabo un proxecto de formación de mediadores e clubs de lectura con xoves en zonas rurais de Nicaragua; un podcast con rapaces e rapazas xunto a Radio Mandarache en Cartaxena; e máis de doce clubs de lecturas con xoves en varias cidades de España.

Emma Pedreira Lombardía



Os libros que hai en nós

Emma Pedreira (A Coruña) é filóloga, escritora e artista plástica. Como poeta a súa obra atinxe máis de dez títulos entre os que atopar "s/t", "O libro das mentiras" ou "Antídoto". En 2017, un poema deste poemario foi considerado o Mellor Poema do Mundo e galardoado co Premio de Poesía Jovellanos. No ano 2018 gañou o Premio da Crítica Española no apartado de narrativa en galego por "Bibliópatas e fobólogos", o

Premio Xerais de novela por "Besta do seu sangue" e o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño por "As voces ágrafas". En 2019 gaña o Premio Jules Verne por "Os corpos invisibles" (Xerais). Esta novela tamén foi considerada, xunto coa autora, a mellor do ano 2018 pola revista electrónica Fervenzas Literarias. En 2020 gaña o Premio da Gala do Libro Galego ao mellor texto xuvenil por "Os Corpos Invisibles". O seu último libro, unha biografía bibliográfica que entronca con Bibliópatas e fobólogos, é "Os libros que hai en min" (Cuarto de inverno, 2021). Como artista gráfica participa nos poemarios "O Elo", de Quico Valeiras (Urutau) e "Círculo dentro do círculo", de Inma Doval (Urutau) e na publicación "Xela Arias poeta nas marxes" (O Arquivo das Trasnas) así como en varias revistas especializadas.



Raúl Vacas Polo

Os sentidos e o asombro: ler e escribir (na) Natureza

Raúl Vacas é Licenciado en Ciencias da Información e Diplomado en Educación Social. Obtivo os premios de Letras Jóvenes de Castilla y León nos anos 1996, 1997 e 1998 coas obras "Confieso que he fumado", "El calor de los labios a solas" e "El imán de la muerte", e o Premio de la Academia Castellano-Leonesa de la Poesía co libro

"Proceso de amor". Publicou os libros "Corte y Confección", "Al fondo a la derecha", "Consumir preferentemente", "Esto y ESO", "Señal", "Abecé diario", "Días como todos", "Salamanca y te miro", "Uno solo" y "La vaca flaca". Colaborou nos libros "La segunda voz, antología poética de Remigio González Adares" (Diputación de Salamanca) e "Flor de todo lo que queda" (Adarga, Edelvives). Raúl desempeña labores de edición, animación e xestión cultural e colabora con diversos medios de comunicación e revistas literarias. É autor do libro "Niños raros" (SM). É tamén adaptador da obra Cocorico (Oqo Editora) a formato lírico-dramático para a obra de títeres homónima da que é axudante de dirección e autor das letras das cancións. Na actualidade coordina e imparte talleres de escritura creativa en colaboración con centros de profesores, bibliotecas, fundacións, academias, museos, editoriais, colexios, institutos, o Ministerio de Cultura ou por conta propia.

Paula Carballeira Cabana

Ler teatro para dentro ou para fóra, imaxinar a súa vida escénica

Paula Carballeira (Maniños, Fene) adícase profesionalmente ao teatro e á narración oral desde 1994. Foi convidada aos principais festivais de narración oral tanto nacionais como internacionais. Participou en diversos programas da TVG e ten colaborado en diferentes programas da Radio Galega. É membro da compañía teatral Berrobambán desde 1996 e traballa como actriz ou directora en propostas ocasionais doutras compañías. Ademais, é autora de máis de trinta libros publicados e traducidos a diferentes idiomas, algúns deles premiados: Premio Laudamuco de Textos Teatrais con "Dentes de coello"; Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil en tres ocasións coas pezas: "Boas Noites", "O Refugallo" e "Somos os monstros" (obra seleccionada pola revista CLIJ-Cuadernos de Literatura Infantil como un dos mellores libros publicados no 2019). Premio da Gala do Libro Galego na categoría infantil con "A tartaruga Amodovou"; Premio Frei Martín Sarmiento con "A burra Ramona", Finalista Premio ASSITEJ de Textos Teatrales con "Misterios"; Premio Isaac Díaz Pardo e inclusión na Lista Internacional White Ravens con "Smara"; Premio Lecturas con "Paco" e "Correo urxente", entre outros recoñecementos.



Montse Pena Presas

Conversa con Antía Yáñez

Montse Pena Presas é doutora en Filloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Edición pola Universidade de Salamanca. Dende hai máis de dez anos é docente na Facultade de Formación do Profesorado na USC, onde imparte clases de literatura infantil. Os seus campos de investigación téñense centrado, moi especialmente, na didáctica da literatura, na literatura infantil e xuvenil e nos feminismos. Exerceu a crítica literaria en diferentes medios, sendo actualmente colaboradora do programa Diario Cultural da Radio Galega cunha sección semanal sobre literatura infantil. Ademais de diferentes artigos de investigación, ten publicados catro libros: "Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño" (Galaxia, 2013), "Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia" (Laiovento, 2018), "A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida" (Galaxia, 2018) e "Intempestiva. Unha biografía (literaria) de Xela Arias" (Galaxia, 2021).





XIV Xornada dos
Clubs de Lectura